

## NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL

### PERSONAL LICENCIADO SANITARIO DE ATENCIÓN HOSPITALARIA



#### ÁMBITO DAS LISTAS

- **CAMBIO IMPORTANTE:** as listas deixan de ser autonómicas e pasan a ser de ámbito de área sanitaria.
- Os nomeamentos ofertaranse diferenciados por distrito sanitario.
- Este sistema aplicarase a todo o persoal licenciado sanitario hospitalario do SERGAS.
- **Quedan excluídos:** médico/a de urxencias hospitalarias, FEA medicina do traballo e psicoloxía clínica.



#### SISTEMA DE LISTAS

- Existirán dúas quendas: **libre e promoción profesional.**



#### BAREMACIÓN

- **OPE:** máximo 60 puntos.
- Computará a mellor puntuación obtida nas dúas últimas OPEs do SERGAS da categoría/especialidade.
- Valorarase tamén o exercicio de **galego ou o Celga 4.**
- Experiencia, formación, investigación e innovación: **máximo 40 puntos** segundo o baremo da última OPE convocada.



#### POSTOS CON CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS

- Poderá esixirse experiencia ou formación específica para determinados postos.
- A selección poderá realizarse só por puntuación de lista ou mediante entrevista e/ou memoria adicional.
- Deberán publicarse previamente as bases e criterios de valoración.
- Existirá unha comisión de valoración específica.



#### CHAMAMENTOS

- Os chamamentos realizaranse pola orde de puntuación da lista.
- Poderán realizarse por sistema telemático ou telefónico.



#### PARTICULARIDADES DESTAS LISTAS

- O corte de méritos será o **15 de xuño** e a acreditación dos méritos e a inscrición ata o **30 de xuño.**
- Todas as listas de persoal licenciado sanitario serán **compatibles entre si.**
- Pediatría de atención primaria e FEA pediatría serán listas **subsidiarias entre si.**
- **Tamén serán subsidiarias** da categoría de médico/a de HADO as categorías de médico/a de urxencias hospitalarias e FEA Medicina interna.



#### INDISPOÑIBILIDADE DE ASPIRANTES

- 1º Acudirase á promoción profesional para vínculos inferiores a 60 días.
- 2º Acudirase ás novas inscricións en FIDES posteriores á última xeración de listas.
- 3º Utilizaranse listas doutras áreas sanitarias limítrofes.
  - Se a persoa aceptou dispoñibilidade en áreas limítrofes, o rexeitamento dun vínculo a xornada completa poderá penalizarse.
  - Se NON marcou dispoñibilidade, a aceptación será voluntaria.
- 4º Utilizaranse as listas subsidiarias do Anexo II.
- 5º Poderán ofertarse nomeamentos noutra categoría a profesionais que xa teñan vínculo activo e dispoñan da titulación necesaria.
  - Nestes casos manterán o vínculo da categoría de orixe e a aceptación será voluntaria.



#### VÍNCULOS ENTRE DISTRITOS

- Se unha persoa está traballando nun distrito da súa área, ofertaráselle os vínculos longos doutros distritos da mesma área sanitaria.
  - A aceptación será voluntaria.
  - Se renuncia, quedará indispoñible nese distrito ata finalizar o vínculo actual.
- Se está traballando fóra da súa área sanitaria, ofertaráselle todos os vínculos da súa área de inscrición.
  - Se renuncia, quedará indispoñible nese distrito ata finalizar o contrato actual.



#### RÉXIME TRANSITORIO

- **CAMBIO DE LISTAS AUTONÓMICAS A ÁREAS SANITARIAS.**
- Tras a publicación das listas definitivas de 2026, cada profesional deberá escoller unha única área sanitaria en Fides antes do 30 de setembro de 2026.
- Se non realiza elección, o sistema asignará automaticamente unha área sanitaria segundo os criterios do pacto.
  - Terán prioridade áreas con distritos de difícil cobertura ou áreas con menos aspirantes admitidos.